

MINISTERIO TRANSFORMACIÓN DIXITAL E FUNCIÓN PÚBLICA

A desesperación das persoas nos procesos de promoción interna (C1) e (A2)

24/01/2025

Cando no ano 2022, na Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado (artigo 36.3 do TREBEP), a Administración e os representantes das organizacións CSIF, UGT e CCOO alcanzaron un acordo (03/11/2022) sobre os criterios que deben rexer a selección do persoal a través dos procesos de promoción interna, (**NON ASINADO POLA C.I.G.**), a CIG denunciámos que ese acordo era “papel mollado”, porque non se elaboraba un calendario de implementación de medidas que correxiran a lentitud desesperante destes procesos.

Desgraciadamente o tempo veu dar a razón a C.I.G. Por parte da administración normalizouse o feito de asinar acordos que **NON SE CUMPLEN**, e por parte dos asinantes, que son sabedores deste proceder, a seguir con esta práctica que dun xeito indirecto avala a Función Pública.

No punto 1.5.- deste acordo ven recollido que a promoción interna debiera ser “ágil que reduzca los tiempos, entre la detección de las necesidades, la creación de expectativas de promoción y la incorporación del personal a los puestos de trabajo”.

No punto 2.5.- de este cordo ven recollido que “los órganos de selección publicarán y actualizarán calendarios sobre los accesos de promoción interna, en los que deberán señalar la duración prevista para la realización y resolución de cada una de las fases que conforman esos proceso”.

Agora vemos como os sindicatos asinantes se escandalizan cando era sabido que ese acordo era un “brindis o sol”, e unha vez máis os procesos eternízanse no tempo.

A desesperación do persoal afectado pola promoción interna de administrativos e xestión é manifesta, Función Pública non contesta, e a súa incapacidade para dar solución queda de manifesto.

Estamos fartos de reclamar por escrito información, a CIG entende que a solución chegará primeiramente por **non avalar acordos sobre criterios, queremos acordos con obrigas**, e só dende a mobilización podemos chegar a forzar que por parte de Función Pública mude este xeito de actuar cos procesos de promoción interna.

Galiza, 20 de decembro do 2024